

## **CONVOCATORIA DE PRAZAS DE ALOXAMENTO NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA USC, 2023-2024**

A Universidade de Santiago de Compostela abre o prazo de solicitude para a convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2023-2024, repartidas nos seguintes sectores e grupos:

Sectores	Total Prazas (grupos I e II)
Estudantes de Grao	804
Estudantes de Máster Universitario Oficial	45
Estudantes de Programas de Doutoramento e Investigadores en Formación	21
Estudantes de cursos de Posgrao Propio	5
Membros da comunidade universitaria con necesidades educativas específicas derivadas dunha condición de discapacidade	30
Persoal docente e investigador e Persoal de administración e servizos	5

### **DOTACIÓN:**

- Cotas e prezos: serán os establecidos en función da Renda Persoal Dispoñible (para a asignación das prazas terase en conta a puntuación académica e económica dos/as solicitantes segundo o baremo establecido nas [Bases da convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2021 e modificadas o 30 de marzo de 2023](#))
- Estas axudas son incompatibles con outras coa mesma finalidade. As persoas que teñan concedido o compoñente de residencia da bolsa xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional, deberán aboar a cota F ou, se desexan manter a cota subvencionada pola USC, renunciar ao compoñente de residencia da bolsa do MEFP

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** a través do **formulario web** dipoñible en [www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento](http://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitario-residencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento) **ata o 27 de xuño de 2023 ás 14.00 h.**

- Presentarase unha única solicitude por persoa (agás no caso de solicitar praza nos dous campus: un formulario para Santiago e un formulario para Lugo)
- O estudantado de nova admisión poderán solicitar a praza para o grupo I e o grupo II marcando as 2 opcións no mesmo impreso.
- As solicitantes de readmisión sen cambios nos membros da unidade familiar non teñen que achegar documentación. O resto dos/as solicitantes deberán achegar, ademais do formulario de solicitude asinado por todos os membros da unidade familiar, a documentación que corresponda segundo o indicado no punto 6 das [Bases da convocatoria](#).

### **CALENDARIO:**

- Publicación das **listas provisionais: 21 xullo**
- Prazo de enmenda das solicitudes: ata o 31 de xullo
- Publicación das **listas definitivas: 3 de agosto**
- Confirmación de permanencia na lista de agarda: ata o 7 de agosto
- **Reserva de praza adxudicada** (pagamento da fianza): **do 3 ao 7 de agosto**
- 1º movemento da lista de agarda: 10 de agosto
- 2º movemento da lista de agarda: 17 de agosto

### **MÁIS INFORMACIÓN**

Universidade de Santiago de Compostela. Servizo Universitario de Residencias (SUR)

Pavillón de Estudantes - Campus Vida (15782 - Santiago de Compostela)

Tel.: 881 814 574 / 881 814 560 / 881 814 525

Correo-e: [sur@usc.es](mailto:sur@usc.es)

[www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias](http://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias)

**Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña**

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

[cmix@coruna.gal](mailto:cmix@coruna.gal) [www.coruna.gal/informacionjuvenil](http://www.coruna.gal/informacionjuvenil)